



Samuel L. París: "O humor é unha mostra de vulnerabilidade, para nos defender"

O poeta Samuel L. París fai unha incursión na narrativa cos relatos de *Pifostio*

Os relatos abordan diversas temáticas e teñen distintos formatos, desde a reflexión e o humor

No 2025 saca tamén novo poemario de corte intimista *O tenro e o salvaxe*

G24.gal 25/05/2025

https://www.g24.gal/-/-_samuel-l-paris-

<https://www.youtube.com/watch?v=vYb4YO7xrw4>

Hoxe traemos un libro onde saen elfos, mosquitos, o discurso de aceptación dun Premio Nobel, infidelidades, distopías, Britney Spears, un aspirador Dyson ou unha faneca. É *Pifostio*. Un delicioso e singular libro de relatos que escribiu Samuel L. París na súa primeira incursión fóra da poesía.

Tennos acostumados a compartir a súa experimentación. Un poeta loitando contra a rutina das máis diversas maneiras. Esta vez o creador deixou a poesía e entrou nunha experimentación narrativa.

Pifostio son 61 relatos, algúns para quedar a vivir, outros para reflexionar, hainos para escachar da risa, hainos poéticos, hainos desconcertantes.